



Cerne



O xornal da Terra de Melide

Nº 99. Abril 2014. Distribución gratuíta

Vinte e cinco anos facendo medrar a Terra de Melide

A asociación de empresarios celebrará en maio as súas vodas de prata



En 1989 asinábase a acta fundacional de Asetem. Nacía así unha asociación chamada a dar resposta ás inquedanzas e aos intereses do empresariado da comarca. Máis de dúas décadas despois, e convertida nun importante actor social, Asetem bota a vista atrás para recordar e celebrar 25 anos “facendo medrar a Terra de Melide”. P5

Vantaxes financeiras para os 150 socios de Asetem



A patronal melidense consegue condicións vantaxosas para os negocios asociados tras asinar convenios de colaboración con La Caixa e Banco Sabadell. P3

Un día máis de Foliada no seu décimo aniversario



25,26 e 27 de abril. A Foliada engade un día máis á súa programación para celebrar dez anos rendendo tributo á cultura tradicional dende o cerne de Galicia. P19

MELIDE

O goberno local rexeita, por ser “inviábel”, a xestión directa da piscina P12

COMARCA

Toques esixirá unha solución ás deficiencias do plan de turismo P13


CULTURA

Os socios do Atlético votarán en asemblea o cambio de nome do equipo P20

ENTREVISTA



**Alicia Oro,
Alain
Afflelou** P23



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc.

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

O futuro de Asetem

Continuamos debullando neste espazo de opinión a bagaxe e os retos da Asociación de Empresarios Terra de Melide antes de celebrarmos, o vindeiro mes de maio, os 25 anos da súa constitución. Se no anterior artigo falabamos do presente da asociación, neste abordaremos os retos futuros, dende a incerteza que sempre comporta o que está por vir pero coa seguridade de termos claro o camiño que queremos seguir.

Un dos obxectivos primordiais ha de ser sempre a continuidade da propia asociación, tarefa non sempre doada cando as cousas se torcen, como estamos a comprobar nos últimos tempos. Aínda que iso implique facer renuncias puntuais, aínda que obriegue a baixar o ritmo, concentrará os máximos esforzos en todo momento. Só estando presentes se lle pode dar presenza aos socios e socias e facer valer ese lema que acompañou a Asetem dende os inicios pero que segue a ser un lema de futuro: “faite oír coa nosa voz”.

Cómpre unha voz firme e única, non só para facer valer as nosas demandas, senón tamén para presentarse ante os demais. Por iso outra das teimas de Asetem no futuro seguirá sendo traballar na creación dunha imaxe comercial unificada, unha aposta que xa



se está a facer pero que require máis tempo e implicación. Débese potenciar a marca comercial “Melide” baixo uns parámetros comúns.

A ese propósito contribuirá outro dos retos futuros, tamén difícil pero posible: o de establecer un calendario fixo de actuacións (sexan campañas, promocións ou eventos) que estean baseados nos atractivos do pobo e que contribúan a difundilos. Trataríase de crear iniciativas con forza e consolidadas no tempo, que non obedezan á improvisación do momento, senón á planificación, que non entren en conflito co resto de actividades da vila e que sirvan para captar a atención dos clientes potenciais nas cidades e da xente nova. O futuro pasa tamén por convencer a este público das

vantaxes que ofrece o comercio e a empresa de Melide.

Só se poderá abordar con éxito este reto a través do diálogo e do traballo en común; unha das premisas que Asetem seguirá aplicando en cada unha das súas actuacións. Diálogo coas forzas sociais, políticas e co propio tecido asociativo. O mesmo que se aplicará para ese outro obxectivo de futuro que é o de traballar en proxectos de innovación útiles para as pemes e os autónomos. Será fundamental saber adaptarse á evolución e ás necesidades dos mercados actuais, cada vez máis cambiantes.

Haberá tamén que mirar atrás, porque moitos dos piares nos que se leva apoiando Asetem nestes 25 anos darán a clave do futuro. O camiño é longo. As ganas son moitas.

Tribuna de opinión

Convenios anticrise

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



O socios e socias de Asetem atoparán na páxina que segue un resumo con algunhas das condicións financeiras vantaxosas das que poderán gozar, se así o desexan, tralos convenios asinados pola patronal con La Caixa e o Banco Sabadell.

Trátase dunha boa nova que os membros da xunta directiva de Asetem comunicamos coa satisfacción de ter cumprido a promesa feita cando presentamos ante os socios a nosa candidatura. Lamentamos non poder telo feito moito antes, pero non sempre resulta doado facer confluír os intereses de todas as partes. As negociacións foron longas e con diferentes entidades bancarias. En Asetem preferimos esperar a deixar no caixón algunhas das nosas reivindicacións. Valeu a pena e

hoxe podemos presentar dous documentos que agardamos sexan de utilidade para empresas e autónomos.

Non atopamos unha variación máxica nin a fórmula para rematar cos problemas. Son simplemente facilidades, vantaxes, pílulas de motivación en forma de aforro en mantemento e administración, asesoramento empresarial, servizos gratuítos ou créditos rápidos. Para as contas da empresa e para as contas persoais.

Dende o compromiso amosado por La Caixa e o Banco Sabadell, xunto co interese posto por Asetem, agardamos que estes convenios contribúan a asentir a saída da crise para a economía local. A tarefa é difícil. Seguiremos traballando na busca de novas e mellores condicións.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Santiago Prado, Vanessa Martínez

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓN.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Asetem consegue vantaxes financeiras para os seus socios tras asinar convenios con La Caixa e Sabadell

Logo dunha rolda de contactos e reunións con diferentes entidades bancarias, a Asociación de Empresarios Terra de Melide asinou a finais do mes de marzo un convenio de colaboración con La Caixa e outro co Banco Sabadell no que se recollen condicións vantaxosas e facilidades de finan-

ciamento para os socios. Devolución de parte dos recibos domiciliados, descontos en seguros, financiamento por facturación da TPV ou créditos rápidos son só algúns dos aspectos destes acordos que os socios poderán coñecer mellor nas oficinas de Asetem ou nas propias entidades bancarias.

CONVENIO DE COLABORACIÓN CON



Manuel Vázquez, Sonia Valiño, Juan Luis Candamo e Fernando Miranda

O convenio asinado co Banco Sabadell contempla dúas liñas diferenciadas: unha profesional, para as empresas e autónomos, e outra enfocada ás contas persoais dos propios socios de Asetem ou dos seus traballadores.

As vantaxes materializaranse na denominada **“Cuenta Expansión PRO”**, con cero euros de comisións de administración e mantemento. Ademais, a entidade aboará o 10% da cota de socio ata un máximo de 100 euros ao ano. Por outra banda tamén devolverá o 3% dos recibos domiciliados (auga, luz, gas...) ata un máximo de 20 euros cada mes.


Os socios e socias que decidan confiar no Banco Sabadell poderán gozar de tarxetas de débito e de crédito gratis, que lles permitirán retirar cartos tamén de xeito gratuito nos caixeiros do Sabadell e tamén en

todos aqueles adscritos a Servired sempre e cando se retiren importes iguais ou superiores a 60 euros.

Destaca tamén neste convenio a Línea Expansión, a través da cal se concederán créditos rápidos de ata 5.000 euros tanto para proxectos empresariais como persoais dos socios e socias de Asetem. Ademais o acordo inclúe condicións favorables en pólizas de crédito profesional ou créditos para estudos e masters. Por outra banda recolle vantaxes específicas como plans de pensións 100% flexibles ou o adianto da nómina aos traballadores.

Con carácter especial para todos os asociados, Banco Sabadell comprométese a realizar xornadas informativas para asesorar sobre temas como a planificación da xubilación, a tramitación de recibos ou como facer máis rendibles os aforros.

CONVENIO DE COLABORACIÓN CON



Sonia Valiño e Ramón Camino, director da oficina de La Caixa en Melide

O acordo asinado entre Asetem e La Caixa achegaralle aos socios e socias da patronal a nova forma de facer negocios pola que está apostando esta entidade, que se resume no lema *“Llevamos la oficina de La Caixa a tu negocio”*. O cliente terá ao seu servizo un xestor especializado co que poderá contactar en calquera momento e que lle axudará a realizar os trámites necesarios sen desprazarse á oficina. Ao mesmo tempo, ofreceralle solucións para aumentar a eficiencia da empresa ou do comercio.

Esta filosofía de traballo ten a súa plasmación na denominada **“Cuenta Negocio”**, á que se pode acceder ao domiciliar o pago da Seguridade Social de Autónomos e ter un mínimo de 600 euros de ingresos ao mes. Con esta conta os socios de Asetem poderán realizar operacións

de cobros e pagos aforrando os custos de mantemento e administración, tarxeta de débito para o titular e un beneficiario, ingresos de cheques ou transferencias por autoservizo. Se ademais da domiciliación se realizan tres cargos de recibos ao trimestre e tres compras con tarxeta ao trimestre, La Caixa regala unha tablet LG GPad ou un smartphone LG Optimus L9.

Outro dos servizos dispoñibles é a **MultiCuenta Negocio**; dúas contas independentes, unha para uso profesional e outra para uso particular, que operan cun único saldo conxunto en caso de necesidade de fondos nunha delas.

No convenio tamén se recollen, entre outras vantaxes, descontos do 5% en carburantes, do 10% en seguros en promoción, VIA-T gratuito ou financiamento por facturación da TPV.



!!NUEVO!! COSALUD VITAL

“ASISTENCIA SANITARIA PRIVADA”

Cuadro médico propio con más de 25.000 profesionales

Desde el 15% de descuento en tu Seguro Vida hasta el 31 de Diciembre*. Tráenos tu póliza actual o pregúntanos si aún no disfrutas de ella.

* Ver condiciones de oferta en la oficina

**SEGUROS DENTALES
DESDE ¡¡¡ 36 € !!!**
(Limpieza bucal anual incluida, coste aproximado 40€)

Rodrigo Fernández Pombo

Agente de seguros exclusivo

Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra

Nº 113 Bajo - 15800 Melide

Tlf/ Fax: 981506495

Móvil: 678055942

rodrigofernandez@segurosbilbao.com





Rúa do Progreso, 9 - MELIDE
Tlf: 981 506 096



Platos combinados. pastas. caldo

Cafetería y Pastelería
Estilo

Tfno.: 981 505 153
 C/. Progreso, 6

15800 MELIDE (A Coruña)



Manuel Buján
Cocinas y Baños
CARPINTERÍA EN GENERAL

Teléfonos: 981 507 421 - 610 569 393
 Avda. de Lugo, 99 - 15800 MELIDE (A Coruña)

XORNAL CERNE

NOVOS PUNTOS DE DISTRIBUCIÓN

<u>COMERCIO</u>	<u>EMPRESA</u>	<u>HOSTALERÍA</u>
- Aceiteiro - Angarela - Bodegas Mejuto - Calzados Broz - Casa Juanito - Casa Santos - Cociñas Buján - Ctro. Cial. Ares - Espomasa - Floristería Maru - Floristería Tarrío - Hijos Casal Mariño - J.R. Cabado - Librería Cousas - Librería Victorio - Melimática - Melisanto - Muebles Paula - Muxica	- Pescados Manolo - Xebre - Xoiería Oro Ley - Xoiería Roval - Xoiería Silvela	- Proquintas - Villamor S.C.



<u>SERVIZOS</u>	<u>NO POLÍGONO</u>
- CC Xestión - Clínica Dental Ana Marcos - Clínica Dental Karim - Fisiovida - Hardgalicia (R) - Javier López (perito)	- Meligraf - Notaría - Seguros Bilbao - Jim Sports - Nutripor - Suministros Industriales Cire - Transportes Sierra

Asetem celebrará en maio o seu 25 aniversario con exposicións, conferencias e unha cea para os socios

En 2014 a Asociación de Empresarios Terra de Melide cumpre 25 anos. Para conmemorar tan simbólica data, a patronal melidense está ultimando unha serie de actividades coas que se pretende botar a vista atrás para repasar estas máis de dúas décadas de historia e achegar o labor da aso-

ciación á veciñanza e ao empresariado da comarca. En constante diálogo co presente e co pasado, as propostas distribuiranse ao longo de todo o mes de maio con conferencias sobre temas de actualidade, exposicións, unha cea de confraternidade para socios e unha edición especial do Cerne.

CEA DE CONFRATERNIDADE

A historia de Asetem, ao fin e ao cabo, é a historia dunha unión de forzas para conseguir un ben común, da suma de individualidades nun proxecto colectivo. Por iso non hai mellor maneira de conmemorar 25 anos ca facelo todos xuntos. Así, o **venres 30 de maio** celebrárase unha cea de confraternidade nun restaurante da vila á que estarán convidados todos os socios e socias. Será completamente gratis e poderase levar un acompañante. Nas invitacións, que Asetem remitirá coa suficiente antelación, confirmaranse a hora e o lugar exactos. Ao acto estarán convidados tamén todos os presidentes que tivo a patronal, así como personalidades da Xunta de Galicia e das principais asociacións de comerciantes e empresarios da comunidade.



UNHA MIRADA AO PASADO EXPOSICIÓN SOBRE OS 25 ANOS DE HISTORIA

Na primeira semana de maio inaugurarase na sede Asetem unha exposición con abondoso material fotográfico e documental que repasará os momentos máis importantes da asociación dende a súa fundación en 1989 ata o día de hoxe.

Durante todo o mes, a entrada e o salón de actos da patronal converteranse nun pequeno museo que poderán visitar todos os veciños da comarca polas mañás, en horario de oficina. Será un percorrido breve pero cheo de caras coñecidas e de curiosidades que van

dende o documento fundacional de Asetem ata a peculiar dedicatoria de Manuel Fraga á patronal.

Unha das seccións estará dedicada integramente ás campañas promocionais, aquelas dos tempos nos que había que explicar o que valía o euro ou nos que se podía presumir de repartir 16.000 euros na campaña do Nadal. Haberá un espazo tamén para a Plataforma da Autovía e proxeccións de vídeos gravados hai preto de 20 anos e protagonizados polos socios.

PENSANDO NO EMPRESARIADO. CICLO DE CONFERENCIAS

Expertos en temas de interese para os empresarios e o público en xeral pasarán todos os xoves pola sede de Asetem para disertar sobre temas como a xubilación, as operacións bancarias coa normativa SEPA ou os novos modelos para o comercio de proximidade. Todas as conferencias comezarán ás 20:30 horas e estarán abertas a calquera persoa interesada en asistir.



Xoves 8 de maio: “*Novos modelos e alternativas para o comercio de proximidade*”

Relator: Luis Fernández Díaz, secretario xeral técnico da Federac. Galega de Comercio
Contidos: Partindo da situación actual do pequeno comercio, a primeira das conferencias programadas por Asetem centrarase nos novos modelos comerciais e na venda on line como alternativa. Falará tamén un representante de comerciogalicia.es, unha plataforma de servizos e compras representativa das novas formas de asociacionismo comercial.

Xoves 15 de maio: “*Sepa, nova lei de pagos*”

Relatores: J. Carlos Ferreiro, delegado de financiamento do Banco Sabadell; Fernando Miranda, director de colectivos; Dolores López, directora da oficina de Melide.
Contidos: disertación sobre os cambios introducidos pola Zona Única de Pago en Euros.

Xoves 22 de maio: “*A Reforma das pensións: causas, solución e consellos*”

Relatores: Víctor Chapela e Marcos Cao, técnicos da Conf.de Empresarios da Coruña.
Contidos: Recentemente cambiou a lexislación relativa ao cálculo das pensións de xubilación. Moitos empresarios e autónomos non modificaron a súa situación para adaptárense ás novas regras do xogo e iso estalles a ocasionar a perda de importantes cantidades de diñeiro. Nesta conferencia informarase polo miúdo sobre a reforma das pensións, achegaranse solucións para mellorar a xubilación de cada quen e poñeranse exemplos prácticos, diferenciando autónomos e asalariados. Recomendada para o público xeral.



ESPECIAL CERNE Nº 100

Maio trae tamén para Asetem outro acontecemento digno de conmemorar, xa que ese mes sairá á rúa o Cerne número 100. Con tal motivo, publicarase unha edición especial que condensará en 48 páxinas as noticias máis importantes de todas as que leva contado o xornal nestes case dez anos de vida. As páxinas do Cerne abriranse a todos os colaboradores

que escribiron nel durante este tempo, aos xornalistas que contribuíron a que saíse mes tras mes e, por suposto, aos socios de Asetem. Para eles, como artífices finais do xornal, estarán dedicadas catro páxinas que pretenden ser unha pequena homenaxe.



Melide Moda asaltará as redes para atraer a mocidade ao comercio local

Nos tempos que corren ofrecer calidade, variedade e tendencias xa non abonda. É preciso trasladar todo iso ás redes sociais e darlle tamén presenza alí onde se xoga o futuro e parte do éxito de vendas dos comercios do hoxe en día.

Ese é o obxectivo da campaña que se desenvolverá durante os dous próximos meses na vila baixo o nome de *Melide Moda* e na que están chamados a participar medio cento de comercios pertencentes a todos os sectores. “Pisaremos todas as tendas, asesorarémolas e axudarémolles a corrixir os seus defectos”, asegura Fátima Rodríguez, responsable de comunicación de Galicia de Moda, a empresa especialista que desenvolverá a iniciativa e que xestiona o principal portal galego de tendencias.

A campaña incluírá sesións de shooting en cada tenda con fotografías que saltarán ao Facebook, Twitter e Pinterest para dar visibilidade á idea de que “comprando en Melide podes ir á última”, sinala



Fátima Rodríguez. Todo o proceso culminará cun desfile o día 1 de xuño na Casa da Cultura, un show room “no que estará representado todo o comercio da vila” e que conducirá Raquel Atanes, presentadora de V Televisión.

Captar a xente nova

Ela será o nexa de unión con esa outra parte da campaña que busca promocionar o co-

mercio local entre a mocidade. “A xente nova non é moito de mercar en Melide, ese é o punto débil que temos”, reconece o edil de comercio, Santos López, “queremos que a mocidade coñeza que Melide ten moito máis que ofrecer có ocio nocturno”. Para conseguilo, ademais de botar man das redes sociais, *Melide Moda* implicará na iniciativa a 13 pubs nos que se “venderá” a campaña durante as fins de semana. No marco da movida melidense farase un casting para escoller os chamados Top Ten, dez mozos e dez mozas que participarán no desfile final.

A campaña, impulsada polo Concello de Melide, conta cun financiamento de 3.000 euros outorgado pola Dirección Xeral de Comercio. Terá custo cero para as tendas participantes.

Asetem reunirá aos socios para abordar cambios no Salón da Voda

Estudárase un posible traslado ao mes de novembro e proporase que se celebre un sábado e non o domingo

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) vén de convocar unha reunión para o mércores 9 de abril na que convidará aos seus socios a achegar ideas e debater sobre a organización do próximo Salón da Voda.

No encontro estarán presentes todos os negocios relacionados co sector nupcial e abordarase, entre outros temas, un posible cambio de data para a celebración do evento. Outubro ou novembro son dúas das propostas formuladas xa por algúns dos participantes na edición deste ano. Do mesmo xeito tamén se barallará a posibilidade de trasladar o evento do domingo ao sábado e buscaranse propostas encamiñadas a dinamizalo



e a enfocalo cara a un público máis específico. Por outra banda, tamén se someterá á opinión dos asistentes a posibilidade de ampliar o evento ás vodas de prata e de ouro, unha suxestión formulada este ano pola alcaldesa.

Unha vez acadado un consenso, Asetem trasladaralle as súas propostas ao Concello de Melide, en calidade de co-organizador do evento, e suxeriralle convocar unha nova reunión aberta a todos os co-

mercios da vila susceptibles de participar.

Con esta iniciativa Asetem busca darlle un novo pulo ao Salón da Voda, unha vez que os comercios presentes na edición deste ano manifestaron o seu desexo de que se continúe celebrando a feira nupcial. A maioría xustifican a necesidade do evento en que “proxecta unha imaxe moi boa de Melide” e “crea unha marca do comercio local asociada á calidade”.

NOTICIAS BREVES

Unha factoría de innovación



Técnicos de Factoría de Innovación explicaron o proxecto

O pasado 18 de marzo aterrou en Melide Factoría de Innovación, un proxecto promovido pola Deputación e financiado polo FEDER que ten por obxectivo conseguir que 101 empresas da provincia apliquen medidas de innovación nos seus negocios. Baixo o lema “innovar para reducir custos e vender máis”, os responsables desta iniciativa dirixida a pemes, autónomos e emprendedores, ofreceron unha charla informativa para o empresariado da comarca e animárono a participar neste proxecto gratuito que ten un ano de duración. Factoría de Innovación ofrece 25 horas de asesoramento repartidas en cinco xornadas e sesións en grupo “para pensar conxuntamente nos negocios e saír das rutinas”. O lugar de encontro é o Pazo de Mariñán, onde o 3 de abril xa se celebrou a primeira das xornadas, enfocada a atopar alternativas de financiamento.

Axudas do GDR para 2014/15

As persoas ou empresas interesadas en facer un investimento produtivo nalgún dos concellos integrados no Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandoe (GDR UTM), xa poden solicitar as axudas a fondo perdido para o período 2014-2015. Cobren entre un 20% e un 45% do proxecto e deberán destinarse a investimentos no sector agrario e forestal ou noutros sectores sempre e cando teñan un carácter innovador e o proxecto non estea iniciado no momento da solicitude. O GDR UTM dispón de 1,25 millóns de euros para axudas do Programa Leader da UE neste período. Os concello que abrangue son Melide, Santiso, Toques, Sobrado, O Pino, Touro, Boimorto, Arzúa, Curtis e Vilasantar. Máis información en www.ullatambremandoe.blogspot.com

Devolución do céntimo sanitario nos hidrocarburos

Todos os contribuíntes, sexan profesionais ou particulares, poderán obter a devolución do chamado “Céntimo Sanitario” pagado nos carburantes adquiridos durante os exercicios 2010, 2011 e 2012. A solicitude deberá presentarse de xeito telemático na sede electrónica da Axencia Tributaria aportando ao procedemento factura (os particulares poderán presentar ticket), que conteña o desglose do importe repercutido por Imposto sobre a Venda Minorista de Determinados Hidrocarburos (IVMDH) ou a mención de que o IVMDH se atopa incluído no prezo.





ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA



Ana Marcos Cardo

Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
15800 - MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 50 57 05



PUB

ENJOY

MELIDE



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)





HOSTELERÍA



MANTENIMIENTO



CONSTRUCCIÓN



AUTOMOCIÓN



AGROPECUARIA



PISCINAS



CELULOSA / ACCESORIOS



Proquintas
QUÍMICA INDUSTRIAL

La química que nos une.

Alta calidad, mejor rendimiento

Un producto para cada necesidad.

Tlf.: 981 505 750
www.proquintas.com



M

OS MELIDAOS

Avda. de Toques e Friol, 49
15.800 MELIDE (A Coruña)
639 527 400 // 610 515 591
osmelidaos@gmail.com



Os Melidaos en Pontevedra

O grupo de música tradicional Os Melidaos segue preparando o novo repertorio para os concertos deste ano. De momento, son xa unha ducia as actuacións que teñen comprometidas para os vindeiros meses. Os sete membros de Os Melidaos están moi satisfeitos co nivel de vendas do seu segundo disco, pois nun ano esgotaron as mil copias publicadas. Por ese motivo, neste ano 2014 decidiron reeditar mil copias máis para seguir espallando o seu traballo. Con pezas do seu último disco, "Axudádeme a cantar", actuaron no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, no Salón Teatro de Compostela, no Museo de Lugo, en Ferrol, na Festa do Queixo de Arzúa, en pasarrúas por Monforte e Miño, nas casas de cultura de Mera, Sada, Oroso ou San Sadurniño. Os Melidaos continuarán levando a música tradicional galega a diferentes escenarios por toda a xeografía galega. Os gaiteiros que cantan agradecen fondamente as mostras de apoio que reciben da xente e animan a todo o mundo a gozar coa música tradicional para axudar entre todos a mantela viva.



O d'PEQUE

Rúa Principal, 6 - MELIDE
Telf: 696 77 41 63

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial
M vil: 678 543 240

Pol gono Industrial do Tambre
V a Galileo, 9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja

Allende
Muga
Obalo
Arnegui
Azpilicueta
Rioja Bordón
Ramón Bilbao
Marqués de Terán
Marqués de Riscal

D.O. Ribera del Duero

Tarsus
PradoRey
Cruz de Alba
Condado de Oriza
Dominio de Atauta
Pago de los Capellanes

D.O. Rueda

Naia
Monteblanco

D.O. Ribeiro

Viña Costeira

D.O. Vinos de Madrid

Tagonius

D.O. Somontano

Pirineos

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

Vinos del mundo

Argentina, Australia, Chile

D.O. Navarra

Castillo de Javier
Palacio de la Vega

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

D.O. Toro

Farifia

V.T. Castilla y León

Dominio DosTares
Viñas del Cénit

V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta
La Ossa
Pago del Vicario

D.O. Rías Baixas

Nora
Lusco
Veigadares
Terra D'Ouro
Viña Sobreira
Mar de Frades
Señorío de Sobral

D.O. Valdeorras

Galgueira

D.O. Ribeira Sacra

Pincelo & 1985

Champagne

Perrier Jouët

Aceite ArteOliva

Agua Solán de Cabras



Camino de Santiago



**Imprescindibles del peregrino
en Melide**



**Melide, where you will find
everything you need**



Capela de San Roque



Telf: 981 50 90 18
Rúa San Antonio, 3 - MELIDE



Praza do Convento



CAFETERÍA Y CHURRERÍA

**DESAYUNOS, CHURROS
BOCADILLOS**

Desde las 6 a.m.

**Cátedra, 1
MELIDE**



Os Garceiras

Especialidad en:

- * **TOSTAS** desde 3,80 €, 14 Variedades
- * **TORTILLAS** desde 4,20 €, 11 Variedades
- * **SARTENADAS** desde 4 €, 10 Variedades

Además... tablas de ibéricos, ensaladas,
raxo con patatas

Tel: 881 95 70 74
C/ Gaiteiros Os Garceiras, nº1
A 25 mts. del parque Cantón de San Roque

PEDIDOS PARA LLEVAR



Cantón de San Roque, 40 - MELIDE

Tlf: 981 507 344

Chiquitín

- * Almorzos
- * Menú do día
- * Especialidade en pulpo
e carnes galegas
- * Habitaciones
- * Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax.: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE
www.pousadachiquitin.es - info@pousadachiquitin.es



**MARCAS
EXCLUSIVAS**

Calzados Broz

Ronda da Coruña, 24 – MELIDE

Telf: 981 815 619



www.facebook.com/CalzadoBroz

www.pinterest.com/brozcalzados



Camiño de Ovedo, 13 – MELIDE

Telf: 981 505 060



calzadosbroz@gmail.com



A gardería pechará máis cedo se non hai demanda suficiente polas tardes

O goberno local aprobou recentemente cambios no regulamento interno da gardería municipal que permitirán reducir o horario de apertura se non hai matrícula suficiente. Deste xeito, a escola infantil pechará máis cedo o próximo curso “cando a ratio de alumnos sexa inferior ao 10% da capacidade da escola”.

Así o explicou na última sesión plenaria a concelleira de Benestar Social, Chus López Mourón, que xustificou os cambios nun informe elaborado este curso pola directora do centro. Segundo ese estudo, dos 79 alumnos que ten a gardería “polas tardes quedan 19 ata as 16:30 e a partir de aí quedan só 3 ata última hora”.

BNG e PSOE votaron en contra da modificación do regulamento argumentando que a gardería “non é un tema numérico, senón un servizo público destinado a conciliar”, sinalou o voceiro dos nacionalistas, Xosé Igrexas. Nesa liña, a oposición instou a que o centro abra o número máximo de horas que permita a lei



Este curso están matriculados na escola infantil 79 alumnos

“aínda que sexa cun só neno”.

Continuidade incerta

A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, invitou a BNG e PSOE a “ser realistas” e argumentou que sería “inviábel” manter a gardería cun só neno. Ao fin, recordou que a escola infantil “xa non é competencia do Concello” e non ocultou as dúbidas que existen sobre a continuidade do servizo tralos cambios legislativos aprobados polo goberno central para raciona-

lizar a administración local.

O mesmo acontece co conservatorio, que continuará funcionando con normalidade “ata finais de curso”. A partir de aí, “xa veremos o que pasa co novo regulamento”, matizou a alcaldesa. Nunha situación idéntica estaría a radio municipal. “Temos dúas opcións”, explicou Vázquez, “prescindir dos servizos ou continuar con eles ata que non se clarifique como se vai aplicar a lei; nós optamos polo segundo”.

O PSOE pediralle ao Sergas que inspeccione o ambulatorio ante a “situación indigna” do centro

O centro de saúde de Melide non gana para desgustos. Tralas numerosas filtracións de auga e goteiras provocadas polas chuvias do inverno, novos fallos deixan en evidencia as carencias do edificio.

Os últimos sacáronos á luz os socialistas melidenses ao denunciar que o centro estivo tres días sen calefacción nin auga quente a finais de marzo, unha avaría “habitual” á que engaden outras deficiencias como “fiestas que non pechan ben, problemas de humidades ou baños continuamente fóra de servizo”. Para o PSOE trátase dunha situación “impropia e indigna” dun centro sanitario que deriva “da falta de mantemento por parte do Concello” e que os fai mesmo dubidar de se o ambulatorio cumpre unhas condición mínimas para prestar “un servizo axeitado”. É por iso que lle pedirán por escrito



Os baños están habitualmente avariados segundo denuncia o PSOE

ao Sergas que realice unha inspección e valore o estado da infraestrutura.

Dende o equipo de goberno destacan o esforzo que está a facer o Concello, que é un dos poucos de Galicia que asume o mantemento dun centro de saúde, normalmente en mans da Xunta. O ano pasado requiriu 50.000 euros dos orzamentos municipais. Só en calefacción, gástanse 100 euros ao día.

Acusan ao PP de “maquillar” a liquidación do ano 2013

A liquidación do orzamento de 2013 serviu para que goberno e oposición volveran protagonizar un novo capítulo con cruce de acusacións e reproches a conto das finanzas locais. Mentres o PP saca peito e presume da súa xestión asegurando que “por primeira vez en moitos anos se cumpren todas as regras de gasto”, a oposición acusa ao executivo de facer malabarismos contables para presumir de austeridade e solvencia.

Segundo o informe presentado polo concelleiro de facenda, Melide pechou o exercicio de 2013 en positivo, cun remanente de 397.704 euros. “Chegou o momento de dicir que este concello é solvente”, dixo ao fin a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, “hai moitos anos que non se podía dicir que están aprobadas e pagadas todas as facturas”.

Precisamente nas facturas

ve a oposición unha operación “de maquillaxe” para agochar unha realidade distinta. Segundo denuncian BNG e PSOE o goberno local trasladou facturas de 2013 ao exercicio de 2014 por valor de 281.770 euros. “Gastouse diñeiro cando xa se sabía que o crédito estaba esgotado e que non había cartos nesas partidas”, sostén Xosé Igrexas, do BNG. O secretario do PSOE de Melide, José Antonio Prado, acusa á alcaldesa de practicar “política do escaparate” e de “falta de planificación” argumentando que todas as contías trasladadas eran previsibles. Cita como exemplo gastos do San Roque ou gastos de gasóleo para calefacción e vehículos.

O PP esgrime como mostra da súa boa xestión o feito de ter reducido a débeda bancaria de 2.492.204 € en 2011 a 1.185.262 € na actualidade.

Xuízo polo escrache á conselleira en Melide



Os xulgados de Arzúa acolleron o pasado 8 de abril o xuízo de faltas polo escrache dun grupo de traballadores despedidos de Agader á conselleira Rosa Quintana durante unha visita a Melide en Nadal do 2013. Quintana, chamada a declarar como testemuña, non se presentou. Os imputados son dous militantes do sindicato CIG acusados de “entrar en el recinto portando pancartas y lanzando insultos hacia la persona de la Conselleira”, tal e como se recolle na denuncia. O xuízo quedou visto para sentenza.

FOTO-DENUNCIA: Perigo permanente



Pode parecer inofensiva para os peóns, seguro que tamén para moitos condutores que a obviarán por completo, pero esta placa de vao permanente comporta un grave perigo. Mal fixada, dobrada e situada á altura da cabeza de calquera que teña unha estatura media, o que debería ser unha inocente sinal convértese nunha afiada coitela de metal capaz de causarlle un desgusto a quen camiñe arrimado á parede máis da conta. A responsabilidade e a solidariedade como cidadáns tamén está nos pequenos detalles.

O Concello descarta a xestión directa da piscina por ser “inviábel e irregular”

Convocará outra vez o concurso de adxudicación con nova condicións

O goberno local pecha as portas á posibilidade de que o Concello asuma a xestión da piscina climatizada, tal e como pediron os grupos da oposición logo de que quedara deserto o concurso para adxudicar as instalacións.

A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, sostén que sería “inviábel” economicamente cargar ao Concello con máis empregados e argumenta por outra banda que facerse cargo do recinto sería tamén “irregular” xa que “non entra dentro das competencias dos concellos de menos de 20.000 habitantes xestionar instalacións deportivas”.

A oposición cuestiona estes argumentos e bota man de exemplos para demostrar que a xestión directa é posible: “non tedes máis que preguntarlle ao Concello de Chan-



As instalacións da piscina climatizada levan dous anos pechadas

tada, que xa o está facendo”, replicou o concelleiro do BNG, Xosé Igrexas. Dende o PSOE o seu secretario xeral, José Antonio Prado, asegura que se trata dunha cuestión de “valentía e capacidade” e anima a seguir o exemplo de Boimorto, un concello que ten servizos en xestión directa “aportando fondos ás arcas municipais”.

Descartada, non obstante, esa opción para a piscina de Melide, o goberno local volverá

a convocar de novo o concurso de adxudicación, que se fará por catro anos e non por oito, como se estableceu inicialmente. Ademais, a contribución anual do Concello á concesionaria pasará a ser de 80.000 euros, fronte aos 73.000 previstos no concurso anterior.

Por outra banda demandárase á anterior adxudicataria, Xedga S.L, para conseguir que aboe o 87.000 euros que se lle reclamaron en indemnizacións.

O préstamo multimedia na biblioteca acada cifras récord

As últimas estatísticas sobre préstamos na biblioteca pública de Melide revelan un cambio de tendencias entre os usuarios que abren unha etapa de grandes retos para o centro. A era multimedia chegou para quedarse e no ano 2013 os préstamos de material dixital acadaron unha cifra récord: 1.752.

Malia representar menos dun 20% do total de préstamos realizados (10.006), a directora do centro, Ánxela López, destaca o auxo que están a experimentar nos últimos anos: “antes o 99% do material prestado eran libros, agora o multimedia está ganhando terreo a gran velocidade”, asegura. Nese sentido, reivindica un esforzo en investimentos para que o centro siga cumprindo a función de servizo público: “temos que ir parellos ao avance dos tempos e non quedarnos só no texto”, sinala, “camiñamos cara a descarga online nos e-book e ese servizo tamén o ten que

dar unha biblioteca pública”.

Tamén dá conta do cambio de tendencias o número de accesos á chamada biblioteca dixital, que contabilizou o ano pasado 346.142 conexións e a través da cal se visualizaron 109.778 rexistros. “Xa non somos unha biblioteca municipal, senón universal”, destaca Ánxela López, quen atribúe tan abultado número de consultas en rede ao feito de que o centro melidense ten case todos os seus fondos catalogados “grazas ao traballo de xente experta que tivemos aquí hai uns anos”.

A día de hoxe a biblioteca de Melide ten 3.472 usuarios adscritos ao servizo de préstamo e 4.644 usuarios de rede, isto é, persoas autorizadas para empregar os ordenadores das instalacións ou para conectarse á súa wifi e navegar ou realizar calquera tipo de consultas. No referente ao número de volumes dispoñibles, hai preto de 22.000, o dobre de hai dez anos.

48 usuarios en lista de espera

Corenta e oito veciños de Melide están en lista de espera para recibir o servizo de axuda a domicilio que presta o concello: 23 persoas na modalidade básica e 25 na de dependencia. Son parte dos datos feitos públicos polo goberno local tras reunirse co equipo municipal de servizos sociais para buscar a fórmula de dar “unha resposta rápida” aos usuarios que están agardando. Na actualidade o servizo de axuda a domicilio de Melide, desempeñado por 8 auxiliares, ofrece 704 horas mensuais de atención básica a 61 unidades de convivencia. Na axuda a dependentes, os usuarios son 24 e as horas de apoio prestadas 1.172. Tamén forman parte do equipo de servizos sociais dúas traballadoras sociais, unha educadora familiar e unha auxiliar administrativa.

Un casco urbano máis ordenado

O Concello de Melide realizou actuacións no casco urbano por valor de 40.000 euros co obxectivo de reestruturar o mobiliario no centro e buscar a harmonía estética. Instaláronse 25 novos bancos e outros 15 foron restaurados por persoal municipal para poñelos de novo en diferentes puntos das catro arterias principais da vila. Tamén se colocaron 50 papeleiras novas, cinco delas con dispensador de bolsa para os excrementos animais. Por outra banda, colocáronse 100 bolardos en varias rúas comerciais e de ocio: Cantón de San Roque, Rúa do Convento, Alexandre Bóveda, Ronda da Coruña, Praza das Universidades e Rúa Principal. Ao mesmo tempo, sinaláronse os lugares máis visitados de Melide.

Melide, proxecto piloto das estratexias para a xuventude



A conselleira Beatriz Mato visitou a nave de envasado de Melisanto

A Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, visitou a Cooperativa Melisanto acompañada por 25 dos 50 mozos e mozas que participan no proxecto “Aval Xóvenes”, un programa que se está a desenvolver de maneira piloto en Melide e Coristanco con dous obxectivos principais: crear novas oportunidades de emprego para a mocidade nas zonas nas que viven e dinamizar o medio rural. O proxecto atópase na actualidade na segunda fase, a de formación e orientación laboral dos mozos. Na terceira e última etapa, os participantes ultimarán os seus proxectos de emprendemento ou autoemprego coa axuda dun equipo técnico. Agárdase acadar unha inserción laboral do 40-50%.

Vía libre para convocar as prazas vacantes da Policía Local

O Concello de Melide vén de anunciar que iniciará “canto antes” o procedemento para convocar as prazas vacantes da Policía Local, que leva varios anos baixo mínimos con só tres axentes de sete posibles. O equipo de goberno explica que ata o momento non foi posible completar a plantilla porque o Concello incumpria a Lei de Endebadamento ao ter un aforro neto negativo, situación que atribúe “á desastrosa xestión do bipartito”.

Agora, recentemente aprobada a liquidación orzamentaria de 2013 e con aforro neto e remanente de tesourería positivos, o Concello ten vía libre para iniciar os trámites precisos. A Policía Local non vivía unha situación de precariedade tal dende o ano 1989. O servizo é especialmente necesario nas noites dos sábados.

Toques reclamará polas deficiencias no proxecto de dinamización turística

O Concello de Toques iniciará un proceso de reclamación para instar á empresa adxudicataria do plan de dinamización turística do municipio, Tineo Ingeniería S.L., a que repare de xeito inmediato as deficiencias detectadas no proxecto.

Tal decisión foi tomada por unanimidade da corporación municipal a instancias do BNG, que presentou unha moción no derradeiro pleno advertindo da existencia de numerosos estragos e carencias nas instalacións “derivadas dunha deficiente execución por parte da compañía adxudicataria”. Os nacionalistas destacaron que moitos dos indicadores das rutas de sendeirismo están en mal estado ou tirados no chan: “nin souberon colocalos nin o material é de calidade”, sinalou o voceiro do BNG, José Ángel Penas, quen engadiu que “non pode ser que se gasten 100.000 euros nun proxecto e que todo sexa unha trapallada”.

Especial mención recibiu o



Imaxe do observatorio de aves tirado no chan

observatorio de aves, que se veu abaixo como consecuencia dunha mala colocación: “estaba forrado con catro pedras e nada máis”, indicou o tamén concelleiro nacionalista Marcos Villamor. A infraestrutura foi xa reparada o pasado 20 de marzo, segundo explicou a concelleira de obras, Mónica Penas: “erguérono co tractor e enterráronlle as patas, agora quedou ben”. A este respecto Penas recoñeceu que

“foi unha sorte que non se subira ninguén para mirar e que lle caese todo enriba”.

Por outra banda tamén se solicitará información sobre as audioguías das rutas para saber se están en funcionamento, xa que non sempre se pode acceder a elas. “Esta empresa foi moi ben tratada e non quero pensar que é culpa do Concello”, sentenciou Villamor, “esperamos que a reclamación non caia en saco roto”.

Atopan o esqueleto dun burro preto do muíño das Mazairas



O cadáver do animal estaba en avanzado estado de descomposición

O deporte da pesca depara sorpresas máis alá do tamaño e da cantidade das capturas. Tal foi a de varios troiteiros da comarca que deron co cadáver dun animal doméstico de considerables dimensións á beira do río Furelos. Atopábase nas inmediacións do muíño das Mazairas, no concello de Toques, e todo indica que xa levaba alí moito tempo, pois presentaba un avanzado estado de descomposición: da

parte máis exposta xa só quedaban os ósos.

Tras recibir os avisos de varios pescadores, a Asociación de Troiteiros “Río Furelos” tratou de poñerse en contacto sen éxito co dono dos terreos onde estaba o animal. Ao mesmo tempo deu conta do achado ante o Seprona, o Concello de Toques e Medio Ambiente. O cadáver, que posteriormente se confirmou que era dun burro, xa foi retirado.

Retiran 82 toneladas de lixo do vertedoiro de Barazón



Os operarios traballaron un día enteiro na limpeza da finca

O Concello de Santiso deu por rematada a eliminación do vertedoiro ilegal de Barazón, no que ao longo dos últimos seis anos se foron acumulando cascallos, material de obra, plásticos, colchóns ou electrodomésticos ata sumar 82 toneladas de residuos. Esa foi a cantidade de material retirada o pasado 17 de marzo tralos labores de limpeza da finca onde se acumulaban o lixo, situada nas inmediacións da igrexa parroquial e propiedade do Banco de Terras de Galicia. En total retiráronse 11 camiós de residuos, que foron trasladados ao centro de tratamento de Gestán, en Sobrado. O Concello pechará agora a zona con estacas e arame para evitar que se siga depositando material.

O PP de Santiso acusa de desleixo ao goberno local por acatar a suba do IBI

O Partido Popular de Santiso carga as tintas contra o goberno local por non ter solicitado unha actualización dos valores catastrais do municipio e tratar de mitigar así a suba do IBI aprobada por Rajoy á súa chegada ao goberno.

“Tivestes dous anos para facelo e paréceme penoso que tendo este concello dúas dedicacións exclusivas e unha media dedicación non houbera tempo para ler a lei e defender os intereses dos veciños”, esgrimiou a concelleira popular Matilde Pallares no último pleno municipal.

Botando man dunha copia do BOE na que figuran os nomes dos 12 concellos da provincia que solicitaron tal actualización, Pallares acusou ao goberno tripartito de Santiso de desleixo na xestión dos asuntos locais: “había que reclamar e non o fixestes. Logo poñedes no boletín municipal

que a culpa foi de Rajoy”.

En base aos seus valores catastrais, Santiso tiña un gravame do 0,45%, que pasou a ser do 0,5% en 2012 e do 0,6%

O alcalde mantén que se decantaron pola mellor opción para os veciños a longo prazo

en 2013 tralo decreto aprobado polo goberno central. Amparándose nesa suba, a concelleira do PP aproveitou para establecer comparacións: “cando nós estabamos gobernando e subimos un 0,05% para poder cobrarlle a Fenosa, saltaron os tellados dalgunhas casas”, argumentou, “e se aquela suba foi salvaxe segundo dixeran, a de agora é salvaxe e media. Veu isto e nin-

guén se preocupou de miralo”.

A opción “menos mala”

O alcalde, Manuel Adán, deféndese das acusacións argumentando que ter solicitado a actualización de valores catastrais faría que Santiso pasase a ter un coeficiente do 1,1% “que quedaría aí para sempre”. Neste sentido o rexedor destaca que “á larga sería peor para os veciños porque se ía manter ese incremento e pagarían máis toda a vida”. Pola contra, sinala, “cando remate a crise e se deixe de prorrogar o decreto do goberno central, volveremos ao nivel impositivo do 0,45%”. Deste xeito Adán defende a xestión realizada polo equipo de goberno ao escoller “a opción menos mala para Santiso” e rexeita as críticas dos populares argumentando que “non se pode dicir que queremos que os veciños paguen máis”.

Visantoña completa cun festival de rock a súa variada tradición musical

Visantoña converterase o próximo 23 de maio na capital galega do rock. A parroquia máis festeira do concello de Santiso acollerá ese día un festival impulsado por un grupo de amigos do lugar co obxectivo de cubrir un dos poucos déficits dunha terra que destaca pola súa tradición musical.

Deste xeito, o rock será o protagonista dunha xornada que comezará no campo da festa ás 22:30 horas e que durará, segundo explican dende a organización, “ata que o corpo aguante”. Encabezarán o cartel *No Konforme*, un grupo destacado no panorama nacional que visita por primeira vez Galicia e que aproveitará o Visantoña Rock Festival para presentar o seu segundo disco. Ata alí chegará este grupo madrileño co seu Punk-Rock despois de ter paseado a súa música en máis de 100 concertos por toda España e tocar cos mellores rockeiros: Rosendo, Boikot, Reincidentes...

Pero o Visantoña Rock Festival pretende ser tamén un evento “onde os grupos da



Cartel da primeira edición do Visantoña Rock Festival

comarca teñan a oportunidade de dar a coñecer a súa música”. É por iso que haberá moitas caras coñecidas sobre o escenario. Tal é o caso dos melidenses *Alteración*, tamén na liña do Punk-Rock e xa cun disco no mercado. Acompañaranos os *Peta Zeta Top*, unha banda tributo dos míticos *Zeta Zeta Top* composta por catro compoñentes de Arzúa, Melide e Palas de Rei. Completarán o cartel os arzuáns *Crazy Mama* e o seu Rock and Roll

máis puro.

Á marxe da música haberá servizos complementarios, como unha zona de acampada libre, un posto de polbo e churrasco e un bar que despachará a organización. Ese será o xeito de financiar, xunto coa venda de camisetas, un evento para o que se decidiu non cobrar a entrada cun obxectivo claro: “nos tempos que corren é o mellor que se pode facer para que a xente disfrute da música”. Ganou o Rock & Roll.

Santiso aproba unha ordenanza da madeira para “defender as pistas”

Santiso acaba de sumarse á lista de concellos que decidiron poñer límites á actividade das empresas madeireiras nos seus montes aprobando unha ordenanza para regular a corta, transporte e depósito de madeira no municipio.

A norma, que contempla sancións e esixe avais, saíu adiante cos votos a favor do equipo de goberno e en contra do PP, que ve nela “certos perigos”. A concelleira popular Matilde Pallares argumentou que Santiso será dende agora menos atractivo para as empresas da madeira e manifestou as súas dúbidas sobre o xeito en que se realizará o control das operacións: “ao final van pagar os veciños que cortan a leña e non os madeireiros”, asegurou.

O alcalde, Manuel Adán, recordou que a ordenanza exclúe os particulares a as cortas para uso doméstico ao tempo que presentou a norma como



Pistas asfaltadas recentemente na parroquia de San Román

“a única forma que temos de defender as pistas e de poñer coto aos estragos que están sufrindo”. Precisamente o PP levou ao último pleno a situación da pista de Capelos, que menos dun ano despois de ser asfaltada “xa está que dá pena”, sinalou Matilde Pallares.

O equipo de goberno esixirá

que se volva a arranxar e considera que “non é desculpa” o argumento dado pola empresa adjudicataria, que se amparou precisamente na actividade dos madeireiros na zona para xustificar o mal estado da vía. O arranxo desta pista sumarase aos que se acaban de realizar na parroquia de San Román.

NOTICIAS BREVES

Uns troiteiros de campionato

Jesús Rouco Varela, veciño de Toques, proclamouse campión do IX Campionato de Pesca Terra de Melide cunha captura de 9 troitas. En segundo lugar quedaron Iván Bruzos, de Palas de Rei, e Diego González,



Troiteiros premiados. No centro, o ganador

de Melide, con 7 troitas. O terceiro posto foi para Juan Lamas, veciño de Sobrado. O premio á captura de maior tamaño correspondeu a José Antonio González, que pillou unha troita de 38,5 cm. En total capturáronse 93 peixes.

Pequenos artistas sobre rodas



112 promesas da patinaxe déronse cita o pasado 5 abril no pavillón polideportivo de Toques para participar nunha gala con demostración de habilidades específicas, coreografías e probas combinadas. Máis de dúas horas de espectáculo e deporte no que participaron cativos e cativas de Toques, Melide, Frades, Mesía, Boimorto e Santiso. O día 12 de abril celebrárase unha gala de artes marciais. Será ás 17.00 horas.

Acordos plenarios en Toques

O pleno ordinario de marzo no concello de Toques serviu para dar luz verde a varios proxectos de interese para o municipio. Entre outros puntos, aprobouse por unanimidade o prego de condicións para sacar a concurso o servizo de axuda no fogar e contratalo por dous anos (prorrogables por outros dous) por unha contía total de 293.225 euros. Por outra banda, tamén se lle deu o visto e praxe á solicitude de varios obradoiros de emprego conxuntamente cos concellos de Sobrado, Boimorto, Curtis e Vilasantar. En caso de seren concedidos, a Toques corresponderíalle un obradoiro de colocación de pedra natural. Tería 6 meses de duración e nel participarían 15 alumnos.

Plan de Obras e Servizos 2014

A Deputación da Coruña aprobou no pleno do 28 de marzo os proxectos presentados polos concellos da provincia que serán financiados a través do Plan de Obras e Servizos de 2014. Así, con cargo a este plan, no concello de Santiso asfaltarase o Camiño da Pedreira e o Camiño do Ribeiro. O investimento será de 100.046 euros. No concello de Toques destinaranse 144.955 euros para pavimentar o campo da festa de Brañas e en Sobrado realizaranse obras de reposición de beirarrúas en Porta e nas Casiñas. Tamén se acondicionará a vía que comunica Pousada de Arriba con Cabanas. O investimento total será de 93.774 euros.

A NOVA PAC E O RURAL GALEGO

Acto público de información e análise

Ana Miranda
Eurodeputada e candidata do BNG ás eleccións europeas

Antonio Oca
Membro dos comités de axuda de FRUGA (Federación Rural Galega)
Director Xeral da Consellería de Medio Rural do 2005 ao 2009

Sábado 12
de abril
ás 21:30 hs
no Telecentro
de Arzúa
(ao carón do
xulgado)

Ser impecable está de moda

CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA

www.plagostel.com

Plagostel

N.R.S. (0177-GAL-SPQ)

Analíticas alimenticias Laboratorio
Legionela Control de plagas
Manipulación alimentos Formación

Comercial@plagostel.com / 986 118 714 / 698 163 399



Especialidad en:

- Pizzas
- Pastas
- Platos combinados

SERVICIO A DOMICILIO

Nuevo Número

Tfno.: **981 81 53 54**

Ctra. de Santiago

15.800 MELIDE (A Coruña)



**DESPOIS DA FESTA DE
2º ANIVERSARIO,
ESTE MES DE ABRIL
PREPÁRATE PARA MÁIS**

XOVES 17

**FESTA Ron
Matusalén**

E colaboración no
sorteo de **6.000 €**



VENRES 18

FESTA DO TEQUILA

*con cada consumición, un
chupito de tequila de regalo*



SÁBADO 19

**FESTA
BLANCA**

E sorteo de **200 €**

PALLADIUM

DISCOTECA MELIDE

17 Abril *Jueves Santo*
SORTEO DE 6.000€

18 Abril *Viernes Santo*
COMBO DOMINICANO

19 Abril *Sábado* **Fiesta Blanca**

ANANDA LOUNGE BAR CONTAINER Pub De Luxe ENJOY Iceberg PUB la CUS PUB MIS TIK NEXUS Q+2 TUBOS pub ZEROX melide



LAIA
zapateiros · artesáns
Obradoiro artesán nº 279

**Calzado Ecológico.
Coiro de curtido vexetal.**

Praza do Convento, 4 · 15800 MELIDE (A Coruña)
M. 626 252054 · info@laiazapateiros.com

www.laiazapateiros.com

TENDA ▪ TALLER

- Calzado ecológico de curtido vexetal.
fabricado artesanalmente, transpirable, cun engraxado natural.
- Bolsos, carteiras, axendas, maletíns, cintos...
- Reparación de calzado e produtos para o seu coidado e comodidade.



ARTESANÍA
DE GALICIA

Tres días de Foliada para celebrar os dez anos

A Foliada está de aniversario. Cumpre dez anos e para celebrar tan especial data non só segue medrando en calidade senón tamén en cantidade. Este ano serán tres os días de festa (25, 26 e 27 de abril) para conmemorar a décima edición dun evento que naceu no 2005 como unha reunión de amigos para tocar e bailar e que axiña colleu vida propia ata converterse no que é a día de hoxe: un encontro de referencia arredor da tradición “que se desmarca do resto de festivais da nosa terra pola diferente experiencia musical que proporciona nun ambiente e nuns escenarios únicos”.

Así o expresa a organización da Foliada, que quixo que este ano soara sobre as pedras dese escenario único que é a Praza das Coles, a música de Anxo Lorenzo. Este mestre dos sons tradicionais que soubo fusionar a gaita co jazz, co pop ou co flamenco para convertela nun instrumento sen fronteiras, escolleu Melide para presentar o seu novo disco, *Confuxon*. A estrea será



Anxo Lorenzo, Caxade e Radio Cos actuarán este ano na Foliada

na noite do sábado 26 e virá seguida da actuación da Magnífique Bande, que coa súa destacada sección rítmica fará un repaso pola historia musical “con momentos clásicos, filmicos, jazzísticos, ‘muñeiriños’, funkeiros e rockanroleiros”. Pechará a noite Cé orquestra pantofo.

Outro dos pratos fortes desta décima edición da Foliada chegará o domingo co concerto de Radio Cos, nome do grupo baixo o que dous re-

ferentes da investigación etnográfica en Galicia, Xurxo Fernandes e Quique Peón, traerán os sons arcaicos da música de raíz mesturados con outros elementos tradicionais. Antes, Caxade e a súa banda poñerán en escena o seu indie-folk “cun arrecendo a música minimalista e a sons da vella Europa”.

Os concertos e actuacións complétanse coa axenda do venres 25, ese día a maiores que terá a Foliada de 2014. Neste caso o escenario será

o da Casa da Cultura, onde a partir das 21:00 horas dará un concerto a Banda de Gaitas da Terra de Melide. A noite culminará co espectáculo *No roncel do tempo*, unha gala con música, baile e teatro a cargo de A Maristela, de Sobrado.

Fiel aos seus clásicos

Por moitos anos que pasen, de seguro que a Foliada seguirá fiel aos clásicos que a fixeron medrar. Un deles é o concurso de cantos de taberna, que se celebrará o sábado pola mañá e que chega á súa sexta edición con máis participantes ca nunca: 18 grupos e 19 locais de hostalería. Non faltará tampouco a tradicional marcha gaiteira, un pasarrúas multitudinario a cargo de vinte agrupacións que encherá Melide de música a partir das sete da tarde. Será a antesala do serán, onde se concentra a esencia verdadeira da Foliada, unha festa na que uns cantan para que outros poidan bailar: comunión de ideas, idades e procedencias arredor da música e da cultura tradicional.

V Torneo de fútbol 7 os días 17 e 18 de abril

O Cire, en colaboración co Concello de Melide, organiza a quinta edición do torneo de fútbol 7 en categoría senior, que se celebrará os días 17 e 18 de abril no campo municipal. As inscricións poderán realizarse ata o día 15 ás 21:00 horas na Cafetería Marta ou a través do teléfono 981 50 53 46. A cota de inscrición é de 100 euros por equipo. Haberá tres premios: 500 euros para o equipo ganador, 250 para o subcampión e 100 para o terceiro clasificado.

Concurso Melindresricos

Xa está en marcha a sétima edición do concurso de debuxo infantil Melindresricos, que cada ano se celebra con motivo da Festa do Melindre. Poderán participar rapaces e rapazas de entre 3 e 15 anos de calquera centro educativo de Galicia. A temática terá que ser a repostería tradicional da Terra de Melide e cada concursante só poderá entregar un debuxo. O lugar de recepción dos traballos será a biblioteca pública municipal e o prazo estará aberto ata o venres 2 de maio.

Restauración de pinturas murais en San Antolín

Unha das xoias da arte prerrománica galega, a pintura mural da igrexa de San Antolín de Toques quedará completamente restaurada nos próximos meses. A Consellería de Cultura iniciará en breve a segunda fase dos traballos, para os que se destinarán 48.800 euros e que comprenden a eliminación de morteiros, a limpeza da superficie e a aplicación de tratamentos contra o deterioro. Tamén se realizarán controis temporais de humidade e temperatura.

Leirabuxo reinterpreta o repertorio tradicional no seu primeiro disco

“Laranxeira do pé d’ouro bota raíces de prata / tomar amores non custa, olvidalos si que mata”. Tal di a Xota de Calvos, peza predilecta de Leirabuxo e fonte de inspiración para dar nome ao primeiro disco deste grupo de música tradicional da comarca.

Pé de ouro, raíces de prata é un traballo feito “dende o principio ao fin” polos seis compoñentes da agrupación, explica Manuel Varela, o acordeonista. Gravado, editado e financiado por eles mesmos co obxectivo de “facer algo que lle gustase á xente e que quedase aí para sempre”. Baixo esa premisa fóronlle dando forma a un disco que inclúe pezas do repertorio tradicional e temas de autor aos que Leirabuxo quixo imprimir o seu selo: “son doce cancións que nos representan e que intentamos achegar á nosa óptica para facelas un pouco diferentes”.

Así é que sona diferente



Leirabuxo dará un concerto o 25 de abril no Pub Gatos de Melide

Quen puidera namorala, peza que fixo mítica Luis Emilio Battallán con voz e guitarra e á que Leirabuxo incorporou as gaitas e a percusión tradicional. Diferentes tamén, por tratárense de temas seus, son a *Muiñeira Blanca* e *Melidoble*, con melodía propia e letras tiradas dun libro tamén mítico, o *Terra de Melide. La Diloires*, as mui-

ñeiras de Navia, Armenteira e Forcarei súmanse a un repertorio que tamén inclúe un tema gravado en directo na Adega O Mandil, de Melide, que por algo é nas tabernas onde máis e mellor flúe a voz.

Vivir para a música

Leirabuxo e o seu disco son froito da confluencia de seis

persoas con paixón pola música tradicional. O grupo comezou a forxarse grazas a esa “espiña cravada” que tiñan catro vellos amigos despois de abandonar un anterior proxecto musical (Vaid’arela) e levar case oito anos sen tocar xuntos. “Tiñamos que montar algo”, di Manuel Varela, que xunto con Carlos Fandiño (gaita), Pulguí (bombo) e Román Varela (tamboril), deron vida a Leirabuxo. A eles sumouse Xosé Luis Barreiro (gaita) e dous anos despois chegou Carla Rei para poñer voz ás melodías.

O resultado é *Pé de ouro, raíces de prata*, que un mes despois de saír á luz xa leva vendidas mil copias. Axíña estarán outras tantas dispoñibles en Angarela, Imaxina Fotografía, Librería Parrado e Muxica, os puntos de venda en Melide. E para mellor gozar da música, tampouco tardarán en chegar os concertos: o primeiro deles o próximo 25 de abril no Pub Gatos. Logo virán os de Santiago, A Coruña e “un par de festivais que xa están pechados para este verán”.

O Atlético completa a renovación cun cambio de nome

O equipo pasará a chamarse Melide Fútbol Club // O cambio terá que ser aprobado en asemblea

O Atlético Melide tomou en serio o proceso de renovación no que leva inmerso dende finais de 2013. Tanto, que afrontará a próxima tempada baixo unha denominación diferente: o equipo pasará a chamarse Melide Fútbol Club.

Serán os socios, non obstante, os que teñan a última palabra sobre o cambio de nome, que deberá ser aprobado por maioría de votos na próxima asemblea xeral, que se celebrará en maio nunha data aínda sen determinar.

Débeda cero

Co cambio de nome a nova directiva do Atlético Melide busca completar a renovación do club e marcar diferenzas coa política que se veu realizando nos últimos anos e que “nada ten que ver coa actual”, asegura o seu presidente, Cesáreo Iglesias.

A idea púxose sobre a mesa unha vez que o club conseguiu reducir a cero a súa débeda,



Gemelo, Beiroa e Jesús co presidente do Atlético, Cesáreo Iglesias

unha condición indispensable para que a Federación de Fútbol autorice o cambio de nome e que Cesáreo Iglesias considera o maior logro conseguido ata o momento pola directiva: “explicarémolles aos socios o estado das contas e poderán comprobar como se liquidou por completo a débeda que atopamos cando nos fixemos cargo do equipo”.

O tema económico será sen dúbida un dos puntos importantes dunha asemblea decisiva para o club na que os socios tamén votarán a continuidade da xunta directiva e do seu proxecto así como o orzamento para o próximo ano.

Negociacións co CIRE

Un dos puntais para conseguir manter o equilibrio das contas

e a viabilidade do club será a venda de publicidade no campo de fútbol. Iglesias recoñece que están a ter “certas dificultades” para conseguir este obxectivo de financiamento como consecuencia da concesión do campo que no seu día fixo o Concello en favor do Cire. “Confío en que se poida atopar a forma en que os dous equipos de Melide se beneficien por igual dos espazos publicitarios”, explica Iglesias, quen xa impulsou unha reunión a tres bandas co presidente do Cire e a alcaldesa “sen que de momento se chegase a un acordo”.

Na loita polo ascenso

Con todo, o obxectivo máis inmediato do Atlético Melide é conseguir o ascenso de categoría, polo que terán que loitar ata o último momento. A falta de dúas xornadas para rematar a liga, o equipo melidense atópase en postos de promoción pero nada asegura que

“A política do novo Atlético baséase no esforzo e na unión dos xogadores, os socios e a directiva”

Cesáreo Iglesias
Presidente do Atlético

vaia xogar a liguina de ascenso, pois a diferenza de puntos cos seus competidores directos é mínima. Falta por disputar o partido contra o Camporrapado, un rival que só gañou dous encontros esta tempada, e outro contra o Touro, un equipo forte que vai terceiro na táboa de clasificación e que loita polo ascenso directo. Iglesias considera que as aspiracións de subir están “máis que xustificadas” e confía en que a mellora de nivel que experimentou o equipo sexa suficiente para deixar atrás a terceira autonómica.

Freire competirá coa selección en Romanía

Xandre Freire escribirá unha nova páxina na historia do deporte melidense cando se converta no primeiro deportista local que compita nun torneo internacional coa selección española de loita olímpica. Será en Romanía onde se estree este discípulo da Escuela Ayude convocado pola selección para a concentración previa ao torneo xunto co tamén melidense Bruno Agra, quen terá que agardar non obstante a seguintes convocatorias para poder competir. As boas novas complétanse con outras dúas medallas históricas para Escuela Ayude, as primeiras conseguidas en categoría absoluta nunha competición nacional de loita olímpica: unha prata para Cora Ayude e un bronce para Bruno Agra. No campionato de España de kick boxing Cora Ayude repetiu éxito ao conseguir un ouro tamén en categoría absoluta.



Xandre Freire e Bruno Agra

A Festa Single gana adeptos na súa 3ª edición

Por terceiro ano consecutivo a Festa Single de Melide volveu ser un éxito rotundo. Superando todas as expectativas, máis de 140 persoas desprazáronse ata a vila o 5 de abril para participar dunha velada que reuniu no cerne de Galicia a solteir@s e divorciad@s chegados dende todos os currunchos: Vigo, Santiago, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Burela, Verín... Os veciños da comarca tam pouco quixeron faltar a esta festa que comezou cunha cea na Pulpería Ezequiel e rematou nos pubs da vila. Dende a organización, Manuel Vázquez “Sierra” quere dar “as máis expresivas grazas” ás tendas de



Melide que achegaron regalos para sortear entre os asistentes, ao Concello e á cantante Irene Ruíz.

Kepa Junquera actuará na XXIII Festa do Melindre

A falta de pouco máis dun mes para que se celebre a Festa do Melindre, comezan xa a coñecerse algúns detalles da 23ª edición. Un dos máis relevantes ten que ver cos concertos programados para ese día, que inclúen a actuación de Kepa Junquera. Recentemente galardoado co Premio Nacional de Folclore, o coñecido músico vasco estará o 11 de maio en Melide presentando o seu último disco, *Galiza*.

Por outra banda, a organización do evento deu a coñecer a imaxe



O cartel ganador, de Manuel Caride

ganadora do III Concurso de Carteis da Festa do Melindre. Trátase dun traballo elaborado por Manuel Caride Conde, veciño de Ames, e titulado *As tres estrelas de Melide*. A obra, pintada á man e retocada posteriormente de maneira dixital, recolle motivos do escudo do concello: as chaves, a coroa e as tres estrelas, que representan neste caso os tres doces da repostería tradicional melidá: melindres, ricos e amendoados. O autor será premiado con 300 euros e o seu cartel será o que se empregue para promover a festa. Este ano presentáronse ao concurso 15 propostas.



X Foliada de Melide 2014

25, 26 e 27 de abril

*venres 25

BANDA DE GATTAS
DA TERRA DE MELIDE
NO RONSEL DO TEMPO
(Música e baile)

*sábado 26

ANXO LORENZO
A MAGNIFIQUE BANDE
CÉ ORQUESTRA PANTASMA

*domingo 27

CAXADE
RADIO COS

serán
artesanía
animación de rúa
obradoiros

cantos de taberna melide

ORGANIZA: **COMITÉ DE FOLIADES DE MELIDE**

COLABORA: **ACXPT**

PREXECUTIVA: **CONCELLO DE MELIDE** **DEPUTACIÓN DE CORUÑA**

www.foliadamelide.com
foliadamelide@gmail.com

Foliada. 10 anos construíndo participación

Santiago Prado Conde (Chago), antropólogo

Por Chega o mes de abril e os vídeos promocionais da Foliada anuncian as “gañas de que chegue” e a “alegría” que xera. Este ano vén cargada do simbolismo que supón chegar aos 10 anos e, polo tanto, os meus parabéns.

En anos pretéritos, neste mesmo medio, referín á Foliada como a creatividade simbólica dos mozos e mozas presentes na nosa sociedade (2010); como unha actividade que xera dinámicas de vinculación positiva cara a lingua galega e como signo inequívoco de cohesión social ao transcender as clases sociais, os xéneros e os grupos de idade (2011); que permite construír un turismo responsable (2012); e como un exemplo de altruísmo (2013).

Para continuar interpretando a Foliada e todas as súas potencialidades, que non se esgotan na música, nesta edición permítanme ler como unha aprendizaxe e experiencia socioeducativa, principalmente para os máis novos da nosa sociedade, que se materializa nun acto festivo. Moitos dos rapaces e rapazas que nesta participan socialízanse e sociabilízanse nunhas



relacións nas que, aínda xirando en torno á música, están presentes a capacidade de esforzo, a procura incansable de novos coñecementos, a relación con grupos de persoas de maior idade, etc; é dicir, experiencias e inqedanzas que doutra forma son difíciles de acadar e que, en definitiva, convértense en aprendizaxes que reverts directamente na súa aprendizaxe social e, por

tanto, educativa.

Os que nos dedicamos ao campo educativo sabemos ben que nos procesos de ensinanza-aprendizaxe obtéñense maiores réditos se estes se deseñan partindo de experiencias concretas. Co fin de evitar malas interpretacións é preciso aclarar que non estou a referir á potenciación de aspectos relacionados unicamente coa música, senón coas

relacións sociais e de aprendizaxe que se xeran coa escusa dunha festa, como son a preparación ao longo do ano dos distintos grupos que participan e como os máis novos se posicionan nesta preparación e nos múltiples estímulos cos que conviven nos días de festa. De feito, estanse construíndo sinerxías positivas que en demasiadas ocasións perdemos de vista a súa importancia

para o futuro dos máis novos como seres culturais da nosa sociedade, como a procura de maior igualdade, o respecto da diversidade, a participación social como signo inequívoco de responsabilidade cidadá e saúde democrática, etc...

O único que quero remarcar é que a través dun contorno social de aprendizaxe que pode parecer intranscendente, pódense obter réditos moi importantes para o contorno educativo institucionalizado e, así, xerar iso que se denomina contextualización dos procesos de ensinanza-aprendizaxe mediante a participación e, finalmente, transcender o concreto para que reverta noutros contornos sociais específicos.

Ben é certo que un non debe ser inxenuo e hai que diferenciar entre a educación que se practica por medio de currículos formais en toda clase de institucións programadas e a que se practica doutro xeito, mais, como ben saben, unha e outra deben ser complementarias para a construción de seres humanos adaptados aos contornos específicos e, por suposto, aos globais.

O medo ás palabras

Vanessa Martínez, xornalista

Nun grupiño de mulleres, unha delas baixa deliberadamente a voz cando, falando doutra que non se atopa presente, pronuncia a palabra “cáncer”. Na feira do último domingo, unha nena de non máis de dez anos esconde a cabeza detrás de súa nai mentres lle di que hai alí un home “negro”. Se é cáncer, é cáncer; se é negro, é negro.

Pasa tamén cando se fala da morte: nais novas escandalízanse cando alguén fala de bebés que morren, rexeitan a conversación e escapan dela, coma se falar da morte tivese o poder suficiente como para chamar por ela.

O medo ás palabras condiciona o noso día todo. Os políticos sábeno ben e por iso


enchén os xornais e os telediaros con palabras tan postizas como “desaceleración” ou “crecemento moderado”, en vez de dicir “retroceso” ou “caída”. Porque as palabras mancan máis ás veces cá propia realidade que describen.

E pasa así porque así nos ensinaron. Con moito tino, e xa dende a Grecia antiga, os oradores que dominaban a palabra dominaban o mundo, “gañaban” as discusións, e modelaban a historia. Agora os consensos sociais e os acordos non escritos impídenos chamarlles “vellos” á xente que “é maior” (pero marabillosamente vella) deixando escondido o verdadeiro sentido desta maneira de falar: se é vello é vello en por si, mentres

que se lle chamamos maior é porque o comparamos con alguén máis novo, como se a referencia correcta fose a xuventude.

O día a día está cheo de palabras que non dicimos porque antes de facelo actíbase un resorte que nos fai escoller outra: os quérotes que debemos pensar que se nos van incrustar nos ollos, e por iso rete-mos; a morte que non virá antes porque a nomeemos; o cáncer, que non é tumor, senón cáncer; a xente negra que non é de cor... de que cor? De cor negra!; e ata os cartos, para os que inventamos mil sobrenomes para non os mentar en público.

Edúcanos para que a propia linguaxe pase un filtro de



cortesía, de respecto ao esperable, de quedabén e de pudor postizo antes de que pronunciemos as palabras. Pensarán que, por non pronuncialas,

deixaremos de pensar ao natural. O día que iso pase o mundo todo enmudecerá, pero mentres, sería ben irlle perdendo o medo ás palabras.

ALAIN AFFLELOU MELIDE (ANTIGA ÓPTICA ABAL)

“Aos servizos de sempre sumámoslle agora as vantaxes dunha marca líder”

Logo de trinta anos coidando os ollos de todos nós dende o seu establecemento da melidense Ronda da Coruña, Óptica Abal abre unha nova etapa trala súa aposta por formar parte dunha das franquicias máis importantes de Europa; o grupo Alain Afflelou. As vantaxes dunha marca con máis de

1.100 establecementos en todo o mundo e presenza en nove países chegan a Melide da man de Luz Abal, Alicia e Verónica. Un novo concepto de óptica, un novo local a poucos metros do anterior e as mesmas caras de sempre para seguir prestando o mellor servizo aos veciños da comarca.

-Óptica Abal é agora Alain Afflelou. A que obedece este cambio?

-Luz Abal (L.A.): Era algo que levabamos meditando dende había tempo e parecíanos imprescindible facelo xa. Hai que ir cos tempos, e os tempos piden este tipo de establecementos, que nada teñen que ver cos de hai 10 ou 15 anos. Quixemos apostar por un concepto de óptica máis moderno, con máis variedade de gafas e onde a xente poida ver, probar e elixir libremente. O obxectivo é achegarlle aos clientes os beneficios dunha marca líder, de calidade e con moi bos prezos, ofrecendo a profesionalidade que sempre nos caracterizou.

-O cambio é considerable, pero as caras seguen sendo as mesmas...

-Alicia Oro (A.O.): Efectivamente, somos os mesmos de sempre: o que foi Óptica Abal toda a vida pero mellorada, con novas promocións e ofertas amparadas por Alain Afflelou. Polo demais, seguimos prestando os mesmos servizos: revisións da vista, asesoramento á hora de escoller cristais e monturas, revisións auditivas... A xente busca confianza no trato e agradece atopar as mesmas caras. Iso non cambiou en absoluto.

-Alain Afflelou caracterízase polas súas promocións e campañas. Cales están ofrecendo agora?

-L.A.: A máis coñecida de todas é a Tchín Tchín, que che permite escoller unhas gafas graduadas entre as principais marcas e por un euro máis levar o segundo par. Esta promoción ten moi boa acollida e está vixente todo o ano. Agora mesmo, e ata o 31 de abril, tamén temos a campaña



Luz Abal (centro), xerenta da óptica, coas empregadas de Alain Afflelou, Verónica e Alicia

das lentillas, na que lle ofrecemos aos clientes a posibilidade de probar calquera tipo de lentilla durante un mes de xeito gratuito e sen ningún tipo de compromiso.

-Comentábanme que ganaron en variedade de gafas co cambio a Afflelou.

-A.O.: O certo é que si. Na nova tenda conviven unha ampla gama de modelos de marca propia, todos cunha garantía de tres anos contra defecto de fabricación, e as principais marcas do mercado: Ray-Ban, Carrera, Tous, Vogue, Arnette, Ralph Laurent, Marc by Marc Jacobs ou Hugo Boss.

-L.A.: falamos de moda, pero o máis importante é a calidade dos cristais. Iso é o bo de Alain Afflelou, que as súas promocións inclúen sempre lentes

de gama alta, con total garantía e feitas por fabricantes solventes e cunha traxectoria recoñecida. E todo iso a prezos moi competitivos...

-Cando o cliente merca unha gafa, prima a calidade ou a estética?

-A.O.: A estética gana cada vez máis terreo, sobre todo entre a xente nova. É algo lóxico porque a gafa lévala pegada á cara, defínete e forma parte da túa personalidade.

-L.A.: A estética sempre é importante pero de todas formas o cliente sabe perfectamente que o que lle fai ver mellor ou peor son os cristais. Unha cousa non quita outra. Normalmente déixanse asesorar tanto no tema das monturas como nos cristais e non resulta difícil escoller unha gafa que os

satisfaga en todos os aspectos.

-Quizais con isto da crise xa non cambiamos as gafas con tanta frecuencia...

-Verónica Dono (V.D.): É certo que tendemos a pensalo un pouco máis, pero agora con Alain Afflelou temos unha liña de financiamento chamada Nextyear que che permite pagar as túas compras nun ano sen intereses nin comisións. Para os nenos temos un seguro de rotura durante todo o ano seguinte á compra. Cobre ata o 50%. Por outra parte, tamén hai un seguro para os máis cativos polo que se aos menores de 12 anos lles cambia a graduación nos 12 meses posteriores á compra, cámbianselle os cristais gratuitamente.

-Coidamos ben os nosos

“As promocións inclúen lentes de gama alta con todas as garantías e a moi bos prezos”

“A liña Nextyear permítelle ao cliente pagar en doce meses sen comisións nin intereses”

ollos, ou segue a ser unha materia pendente?

-L.A.: A xente cada vez está máis mentalizada de que a gafa non é un simple adorno. O exemplo máis claro está nas gafas de sol, que non son só unha cuestión estética, senón que evitan que o ollo sufra danos. Hai que mentalizarse da importancia de usalas xa dende pequenos.

-V.D.: E que sexan gafas boas, porque as que se mercan na feira por 15 euros non protexen; a lente é de plástico. Hoxe en día hai gafas de todos os prezos e mercar nunha óptica non significa mercar máis caro.

Alain Afflelou
Ronda da Coruña, 16
Tlf: 981 50 60 97

3º ANIVERSARIO

VENRES, 18 de abril



Grazas en nome de todo o equipo
de **A Boa Viña - A Boa Vida**
por estes 3 anos

Semana Santa 2014

Pub + ?
MELIDE

16 MIÉRCOLES
Fiesta
Vodka
ERISTOFF
&
Red Bull

17 JUEVES
Fiesta
TEQUILA
Jose Cuervo
BARMAN ACROBÁTICO

18 VIERNES
Fiesta
Ron
BRUGAL

19 SABADO
Fiesta
RON BARCELÓ
REGALOS - AZAFATAS
CÓCTELES y SORPRESAS

Es presentado por GLOVY SHOCK

Pub + ?
MELIDE

Miércoles 30 Abril
A partir de la 1 de la madrugada
ACTUACIÓN EN DIRECTO
DEL DÚO
Karamba

FIESTA IMAGEN &
PLYMOUTH GIN
TODAS LAS CHICAS
ESTARÁN INVITADAS
A UN GIN PREMIUM

SOMOS OS LOCAIS DE REFERENCIA EN MELIDE!!